



Concello de Barbadás

O Concello de Barbadás organiza a III campaña de dinamización comercial “ReVive os comercios de Barbadás-Día da nai 2021” e establece as seguintes:

Axudas en réxime de concurrencia non competitiva

DISPOSICIÓN XERAL

Estas bases teñen por obxecto regular o funcionamento da campaña de dinamización comercial de Barbadás con motivo do día da Nai 2021 con cargo a partida orzamentaria 431.480 Axudas ao comercio cunha contía de 8.000 euros.

BASES DE PARTICIPACIÓN

PRIMEIRA.- Beneficiarios: Poderán participar os comercios polo miúdo situados no municipio de Barbadás. Todos os comercios que queiran participar deberán encher o formulario de inscrición habilitado na páxina web www.barbadas.es, desde o 5 ao día 14 de abril, ambos os dous incluídos.

Antes do inicio da campaña os participantes deberán cubrir o Anexo I, Declaración xurada de estar ao corrente coas obrigas tributarias e de seguridade social.

SEGUNDA.- Os comercios participantes recibirán a información da campaña os días previos ao comezo desta (bases de participación e instrucións).

TERCEIRA.- CAMPAÑA: a campaña constará de oitocentos bonos de desconto, por valor cada un deles de 10 euros para utilizar como desconto en compras superiores ou iguais a 30 euros nos establecementos de Barbadás adheridos á campaña. A campaña realizarase entre o 19 de abril e o 30 de abril de 2021 (ou ata que se troquen os oitocentos bonos postos en circulación).

CUARTA.- Os BONOS:

- Serán nominativos, polo que os usuarios deberán estar empadroados no Concello de Barbadás e deberán facilitar o seu nome e apelidos, DNI, email e teléfono.
- Cada usuario poderá trocar un bono.
- O valor de 10 euros de desconto, deberá aplicarse na súa totalidade a unha compra de importe igual ou superior a 30 euros.
- Os bonos caducan ás 48 horas polo que, unha vez descargados se non se utilizan transcorrido ese tempo, perderán a súa validez.
- Os bonos recibiranse por correo electrónico unha vez sexan solicitados a través dunha páxina web habilitada para o efecto
- Para o seu troco teranse que presentar ao comerciante ben a través do correo descargado no móbil ou debidamente impresos antes de que perdan a súa vixencia (48 horas).

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 11, Barbadás. 32008 Ourense. Tfno. 988360000. Fax: 988360126



Cod. Validación: 7G9EGFAEJSWZJZ45QZ7JHSL | Corrección: <https://barbadas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4



Concello de Barbadás

- No bono figurará o nome, apelido e DNI do cliente, así como un número de bono que deberán ser validados polo comerciante.

QUINTA.- REBAIXAS: Ao ser unha campaña de promoción do consumo, será compatible co período de rebaixas, sempre que o importe final da compra sexa igual ou superior a 30 euros unha vez aplicada a rebaixa.

SEXTA.- Os CLIENTES que queiran acceder aos bonos deberán cumprimentar os datos solicitados na web e seguir as instrucións sinaladas na páxina web habilitada.

Poderán participar na seguinte campaña todos os clientes do comercio de Barbadás maiores de 18 anos que se rexistren na páxina web www.comerciobarbadasrevive.es, e descarguen correctamente o seu bono de desconto de 10 euros.

SÉTIMA.- Cada persoa poderá trocar un bono de desconto de 10 euros. Cada bono terá unha vixencia de 48 horas. Se nese tempo non se canxea o bono, a persoa poderá volver á páxina habilitada para a campaña e descargar outra vez o bono que non consumise.

OITAVA.- VALIDACIÓN DOS BONOS POLOS COMERCIANTES: a validación realizarase a través da web habilitada para a campaña. Os comerciantes deberán estar rexistrados os días previos ao comezo da mesma na web. Sendo, por tanto, requisito imprescindible o rexistro na campaña para poder aplicar calquera bono.

NOVENA.- PROCEDIMENTO DE APLICACIÓN DO BONO Á COMPRA: Os establecementos que participan na campaña poderán validar os bonos que se apliquen en operacións de venda por valor igual ou superior a 30 euros realizadas nos seus establecementos a través de www.comerciobarbadasrevive.es.

NON PODERÁ APLICARSE O DESCONTO ATA QUE O BONO NON SEXA CORRECTAMENTE VALIDADO. Para iso, sempre que a compra sexa igual ou superior a 30 euros:

1. O comerciante comprobará que a identidade do cliente corresponde coa do titular do bono.
2. Introducirá o código do bono na plataforma xunto co número do ticket de venda da operación.
3. No caso de que a plataforma admita ese bono, o comerciante aplicará o desconto ao cliente, gardando copia do ticket de venda co número de bono para a súa xustificación e reembolso do diñeiro.
4. Comprobarase que o bono non está caducado, é dicir, non pasaron máis de 48 horas desde a súa recepción no correo electrónico.
5. Se o comerciante ten algunha dúbida trocando o bono ou xorde algún problema no proceso poderá chamar ao teléfono de incidencias que estará ao seu dispor na web.

DÉCIMA.- REINTEGRO DO DIÑEIRO DESCONTADO POLOS COMERCIANTES:

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 11, Barbadás. 32008 Ourense. Tfno. 988360000. Fax: 988360126



Cod. Validación: 7G9EGPAEJSW2JZ45Q2FZJHSL | Corrección: <https://barbadas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4



Concello de Barbadás

Tras o fin da campaña, deberanse levar NOS TRES DÍAS HÁBILES SEGUINTE (en horario de 8:30 a 14:30 horas) ao CET de Barbadás os tickets de compra aos que se aplicou os bonos. En cada ticket deberá figurar o número do bono que se aplica a esa operación.

Nun prazo de 2 MESES TRAS A FINALIZACIÓN DA CAMPAÑA (a contar desde o 30 de abril) realizaranse as comprobacións dos bonos para reintegrar o diñeiro na conta corrente que facilite cada establecemento.

SÓ SE REINTEGRARÁ O DIÑEIRO DOS BONOS QUE FOSEN DEBIDAMENTE TROCADOS E LEVADOS AO CET NO PRAZO SINALADO, se se detecta que nalgunha transacción non foi así non se reintegrará o diñeiro.

UNDÉCIMA.- O Alcalde, no prazo máximo de tres días hábiles, unha vez comprobada a documentación pola Concellería de Promoción económica, isto é os tickets dos bonos trocados, emitirá resolución sobre o importe definitivo que corresponde a cada participante. Dita resolución porá fin á vía administrativa.

DUODÉCIMA.- A resolución da Alcaldía será notificada a cada beneficiario por medios electrónicos.

A participación do establecemento nesta campaña supón a aceptación das presentes bases.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia. (LALG)

Artigos 24 e seguintes do Decreto de 17 de xuño de 1955, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 11, Barbadás. 32008 Ourense. Tfno. 988360000. Fax: 988360126



Cod. Validación: 7G9EGPAEJSWZJZ45Q2FZJHSL | Corrección: <https://barbadas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4



Concello de Barbadás

□ Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

□ Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

□ Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia.

□ Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Barbadás.

